

[A Coruña Concentración en apoio ás ONG que se dedican ao rescate

Dereito a refuxio!
VIDA DIGNA PARA TODAS

Concentración en apoio ás ONG
Open Arms, Médicos sin Fronteras e SOS Mediterané
Con máis de 400 persoas naufragadas acollidas nos seus barcos de salvamento marítimo, esperan desde fai máis dunha semana autorización para entrar a porto seguro.

Por humanidade
Por responsabilidade
Porque así o esixe o dereito internacional

Para que mañá podamos mirarnos ao espello e non sentir vergoña

Mércores 14 de Agosto ás 20h
diante da Subdelegación do Goberno
Avenida Marina, 23, 15003 - A Coruña

CONCENTRACIÓN

CONVOCA: FORO GALEGO DE INMIGRACIÓN, APOIAN: AGRUPACIÓN CULTURAL ALEXANDRE BÓVEDA, AIRE, ANOVA, BNG, CC.OO., CGT, CORUÑA CONTRA A GUERRA, ENMAREA, ESQUERDA UNIDA, FOTOS CONTRA A GUERRA, MARCHA MUNDIAL POLA PAZ E A NONVIOLENCIA, MAREA ATLÁNTICA, MUNDO SEN GUERRAS E SEN VIOLENCIA, PODEMOS, OXFAM INTERMÓN, SOS RACISMO GALICIA, UGT, VANGARDA OBREIRA, ...

A **CGT** da Coruña acordou apoiar a concentración convocada polo Foro Galego da Inmigración que mañá, 14 de agosto, terá lugar, a partir das 20:00 horas diante da Subdelegación do Goberno da Coruña, na Avda. da Mariña, 23.

A concentración é en protesta pola actuación da Unión Europea que, incumplindo a lexislación internacional, mantén na mar a máis de 400 persoas rescatadas durante a última semana, sen facilitar portos seguros para o seu desembarque. A falta de humanidade das chamadas "autoridades" é unha vergoña intolerable e esiximos que se desembarquen inmediatamente, coa protección axeitada.

Estas persoas non son máis que unha pequena parte das que fuxen en busca dunha vida mellor para eles e as súas familias e non podemos esquecer que o Mediterráneo é unha inmensa fosa na que xacen os restos de milleiros de persoas que non conseguiron chegar a Europa, entre outras causas, polo abandono que os dirixentes políticos están exercendo día tras día. Uns mirando para outro lado e outros espallando o racismo sen pudor, todos eles son igualmente responsables ante a humanidade e a historia.

Comité Local da CGT da Coruña